

Canastros 24 - 25

030110

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206201
Coord. UTM:	X: 59419600 Y: 465225100
Concello:	Porqueira
Parroquia:	SAN LOURENZO DE ABELEDA
Lugar:	San Lourenzo
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación: Canastros 24 - 25

Etapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Nunha pequena eira no medio do pobo había un conxunto de canastros dos cales hoxe tan só quedan en pé dous. Inda se poden apreciar os esteos doutro par deles, así como restos da madeira dos seus corpos. Os dous que se manteñen en pé son de pequenas dimensións, un deles está formado por catro pés e dúas mesas de pedra. A cámara cérrese nos lados costais a través de dous panos de doelas dispostas en posición vertical e atravesadas por faixas. Na parte inferior das faixas, uns balaustres cravados en diagonal serven como elemento de reforzo para a unión entre doelas. A porta de entrada ó corpo do canastro atópase nun dos lados penais. Cuberta a dúas augas con tella francesa. O outro canastro consta de tres parellas de pés, enriba das dúas parellas dos extremos descansan dúas mesas de pedra e sobre os dous esteos do medio repousan outros tantos tornarratos en forma de roda. Este complexo é o que serve como soporte a unha cámara que se cerra nos lados costais a través de tres lenzos de doelas dispostas en vertical e unidas entre sí mediante cintas. Varios soficos arredor da cámara axudan a manter en pé o corpo do canastro. Cuberta a dúas augas con tella romana.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Almacenamento

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles





